

**CONVOCATORIA DE AXUDAS Á
INVESTIGACIÓN**

ANO 2018

ÍNDICE

BASES XERAIS	-3-
BASES ESPECÍFICAS	-8-
I. AXUDAS A GRUPOS DE INVESTIGACIÓN.....	-9-
I.A -CONTRATOS-PROGRAMA CON GRUPOS DE INVESTIGACIÓN.....	-10-
I.B - AXUDAS Á REPARACIÓN DE EQUIPAMENTO CIENTÍFICO	-13-
II. PROGRAMA DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E PARA A REALIZACIÓN, COMISARIADO E MONTAXE DE EXPOSICIONS ARTÍSTICAS.....	-15-
II.A- ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS	-16-
II.B – AXUDAS PARA A REALIZACIÓN, COMISARIADO E MONTAXE DE EXPOSICIONS ARTÍSTICAS	- 19 -
III. PROGRAMA DE AXUDAS Á MOBILIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR.....	-22-
III.A - VISITA DE INVESTIGADORES E INVESTIGADORAS.....	-23-
III.B – BOLSAS DE VIAXE.....	-26-
III.C - ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN.....	-30-
IV. PROGRAMA DE BOLSAS E DE AXUDAS Á FORMACIÓN	-35-
IV.A - AXUDAS PREDOUTORAIS	-36-
IV.B - BOLSAS DE FORMACION NO CENTRO DE APOIO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO Á INVESTIGACIÓN (C.A.C.T.I.) DA UNIVERSIDADE DE VIGO	-43-
IV.C - BOLSAS DE FORMACIÓN NA ESTACIÓN DE CIENCIAS MARIÑAS DE TORALLA (ECIMAT) DA UNIVERSIDADE DE VIGO	-47-
IV.D - BOLSAS DE FORMACIÓN NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN (C.I.T.I.) DA UNIVERSIDADE DE VIGO	-51-
ANEXOS	-55-
ANEXO I.....	-56-
ANEXO II.....	-57-
ANEXO III	-64-

**BASES REGULADORAS DA
CONVOCATORIA DO ANO 2018 PARA A
CONCESIÓN DE SUBVENCIONS Á
INVESTIGACIÓN**

Bases Xerais

1. O procedemento de concesión das axudas convocadas será o de concorrencia competitiva nos termos previstos na normativa xeral de subvencións, sen prexuízo das salvedades que se poidan prever nas bases específicas desta convocatoria.
2. As solicitudes das persoas interesadas, acompañadas pola documentación prevista nas bases específicas de cada axuda, poderán presentarse no rexistro xeral e nos rexistros auxiliares dos campus, sen prexuízo de que tamén poidan presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (BOE do 2 de outubro) de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
3. Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas en quen concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, Xeral de Subvencións de Galicia. Os beneficiarios deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 11 da citada lei.
4. Os/As beneficiarios/as das axudas deberán manter os requisitos que deron lugar a concesión ata o cumprimento de todas as obrigas establecidas na convocatoria.
5. No caso de axudas a grupos de investigación, a solicitude será asinada unicamente polo coordinador/a do grupo, como representante do mesmo, e sen prexuízo de que deba proporcionar a información requirida nas correspondentes bases específicas.
6. As persoas solicitantes das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2018, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, procederíase á rescisión da subvención da Universidade de Vigo.
7. Para a avaliación e selección das subvencións ao persoal investigador e grupos de investigación atenderase exclusivamente aos méritos e composición que acrediten no Servizo de Investigación ata a data de peche da convocatoria correspondente, agás nos casos nos que se indique expresamente outra data distinta nas bases específicas da subvención. No caso de grupos de investigación, teranse en conta os méritos do conxunto do grupo, segundo a información de composición dispoñible no Servizo de Investigación da Universidade de Vigo.
8. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos, sen prexuízo do previsto no punto 6 destas bases xerais.
9. Naquelas convocatorias nas que se esixa o achegamento de méritos o solicitante deberá tamén achegar unha listaxe dos méritos presentados.

10. As actividades de ordenación e instrución do procedemento de concesión corresponden á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia que estará asistida na fase de concreción da adxudicación e proposta de resolución provisional pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno.

11. Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes, o reitor ditará a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, que será publicada con efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares dos campus e no portal web da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia. Contra esta resolución poderán as persoas interesadas formular alegacións concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta.

A resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas, ditada polo reitor, publicarase con efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares dos campus e no portal web da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia. Contra esta resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra a resolución definitiva recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12. O reitor, á vista da proposta da Comisión de Investigación, ditará a resolución provisional de adxudicación das axudas, que se publicará con efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares dos campus e no portal web da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia. Contra esta resolución poderán as persoas interesadas formular alegacións concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta nos rexistros.

A resolución definitiva de concesión das axudas, que esgota a vía administrativa, será ditada polo reitor e publicada con efectos de notificación nos rexistros xeral e auxiliares dos campus. Contra esta resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra a resolución definitiva recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo indicado sen terse publicada a resolución lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión das axudas.

13. No caso das axudas con dous prazos de presentación de solicitudes, as solicitudes denegadas na resolución definitiva de concesión do primeiro prazo serán tidas en conta de oficio como presentadas no segundo prazo de solicitude, agás desistimento expreso ou presentación de nova solicitude, que anularía á primeira.

14. Perderase o dereito ao cobro das subvencións no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha causa de reintegro ou devolución definidas na normativa xeral de subvencións.

Só de preverse expresamente nas bases específicas de cada subvención admitirase a realización de pagamentos a conta ou pagamentos anticipados da axuda concedida.

O procedemento para a esixencia do reintegro das subvencións terá carácter administrativo iniciándose por resolución do reitor e desenvolvéndose segundo o previsto na normativa xeral de subvencións. A comisión dalgunha infracción en materia de subvencións poderá dar lugar, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo e en función da gravidade, á perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións e/ou axudas da Universidade de Vigo.

15. Os proxectos e liñas de investigación sometidos a avaliación e selección nesta convocatoria deben respectar os principios fundamentais establecidos na Declaración de Helsinki así como a lexislación española en materia de investigación biomédica, protección de datos de carácter persoal, bioética, experimentación animal, utilización de organismos modificados xenéticamente e utilización de axentes biolóxicos.

16. As referencias a axudas e bolsas de carácter persoal contidas nesta convocatoria deben entenderse como cantidades íntegras.

17. As certificacións académicas previstas nesta convocatoria que deba emitir a Universidade de Vigo serán de balde para as persoas interesadas en cumprimento do artigo 53 da Lei 39/2015.

18. Quen solicite as axudas previstas nesta convocatoria poderá recuperar a documentación presentada xunto coas solicitudes no prazo de tres meses a partir da publicación da resolución definitiva; pasado o devandito prazo a documentación non reclamada será destruída, agás nos casos nos que medie algún tipo de reclamación ou recurso, nos que a documentación será conservada ata o remate dos prazos de reclamación ou ata a firmeza da resolución que finalice o proceso administrativo ou xudicial.

O financiamento das axudas a que se refire esta convocatoria e os compromisos derivados para este ano de convocatorias anteriores imputarase ás aplicacións orzamentarias que se sinalan no apartado correspondente de cada axuda específica e que corresponde ó orzamento de gastos da Universidade de Vigo para o ano 2018. A contía inicial estimada destinada a este financiamento será a suma das cantidades que se indican en cada axuda específica, sen prexuízo de que, no caso de existir maior dispoñibilidade orzamentaria, se tramite a oportuna modificación de crédito, que no caso de existir solicitudes pendentes non suporá en ningún caso a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes. Consonte o seguinte cadro:

Aplicación	Denominación do gasto	Cantidade orzamentada
00VI 131H 641.02	Axudas propias á investigación e á transferencia	1.300.000
00VI 131H 481.01	Bolsas de viaxe	35.000
00VI 131H 481.02	Bolsas estadías	75.000
00VI 131H 641.05	Reunións científicas	88.000
CAT1 131H 482.99	Bolsas estudantes. Outras	27.000
OUCT 131H 482.99	Bolsas estudantes. Outras	18.000
VMAT 131H 482.99	Bolsas estudantes. Outras	27.000

Bases Específicas

I. AXUDAS A GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

O obxectivo deste programa é apoiar aos grupos de investigación da Universidade de Vigo no desenvolvemento das súas liñas de investigación, co obxecto inmediato de mellorar os resultados obtidos nas convocatorias autonómicas para grupos de investigación sobresaíntes, así como de incrementar a competitividade dos grupos na captación de recursos externos de I+D+i. A principal liña de axudas deste programa proporciona un financiamento flexible e adaptado ás necesidades dos grupos de investigación. Adicionalmente, inclúese una actuación que ten como obxectivo axudar ós grupos de investigación no mantemento das infraestruturas científicas en funcionamento.

Os grupos solicitantes das subvencións comprométense a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2018, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, procederíase á rescisión da subvención da Universidade de Vigo. Non poderán presentar solicitude aqueles grupos que xa teñan vixente unha axuda estrutural a grupos do Sistema Universitario de Galicia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

I.A -CONTRATOS-PROGRAMA CON GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

1.- OBXECTIVOS

Esta acción ten como obxectivo principal facilitar o financiamento dos grupos de investigación de calidade da Universidade de Vigo e contribuír ao incremento da súa competitividade na captación de recursos externos de I+D+i. Este programa de axudas debe servir para que os grupos de investigación que estean en condicións de concorrer ás convocatorias autonómicas anuais para grupos de investigación sobresaíntes, e que non resulten adxudicatarios, poidan dispoñer dun financiamento estrutural que lles permita mellorar suficientemente a súa organización, estratexia e resultados, para ter éxito nunha próxima convocatoria. Polo tanto, a adxudicación destes contratos-programa debe estar ligada á resolución das mencionadas convocatorias autonómicas, e máis concretamente aos grupos que sendo solicitantes nestas, resultasen ben valorados pero non conseguisen ser adxudicatarios.

A subvención debe facilitar o funcionamento dos grupos con financiamento flexible e adaptado ás súas necesidades, mediante a fórmula do contrato-programa, para o que a Investigadora ou Investigador Principal propondrá unha planificación de actividades. A concesión destas axudas está asociada á resolución da convocatoria autonómica de axudas estruturais a grupos do ano 2018.

Quen sexa solicitante das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento dos anos 2018 e 2019, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, procederíase á rescisión da subvención da Universidade de Vigo.

Os grupos de investigación aos que se lles conceda unha axuda deste programa teñen a obriga de manter durante o tempo de desfrute da mesma, como mínimo, a composición do grupo rexistrada na data de fin de prazo de presentación de solicitudes. Nembargante, poderá realizarse durante o período de desfrute da axuda calquera cambio na composición do grupo que supoña incremento no número de membros, e polo tanto da masa crítica e do currículo do mesmo.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 641.02 Axudas propias á investigación e á transferencia. Poderanse conceder axudas no ano 2018 para esta modalidade ata un número previsto de 15 grupos, de existir candidatos axeitados.

3.-SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas os grupos de investigación da Universidade de Vigo que sexan admitidos como solicitantes na convocatoria de *Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG para o exercicio 2018* da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nas modalidades de *Grupos de Referencia Competitiva* e *Grupos con Potencial de Crecemento*, pero non sexan adxudicatarios das mesmas.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes en modelo normalizado I, dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo. Os grupos que cumpran o requisito indicado no apartado 3, unha vez coñecida a proposta de adxudicación das axudas mencionadas, serán invitados a presentar a solicitude dentro do prazo que se lles indique na propia invitación.

5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas. Para a concesión teranse en conta os resultados obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo na resolución da convocatoria de *Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG para o exercicio 2018* da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nas modalidades de *Grupos de Referencia Competitiva* e *Grupos con Potencial de Crecemento*. Segundo a puntuación obtida na resolución da devandita convocatoria, a Comisión de Investigación da Universidade de Vigo elaborará una proposta de concesión, podéndose establecer unha puntuación mínima necesaria. Establecerase un cupo mínimo de dous grupos por ámbito de coñecemento, caso de existiren candidatos axeitados, co fin de premiar os mellores grupos dentro de cada ámbito. Na proposta de concesión establecerase, de ser posible, unha lista de agarda na que se incluírán, por orde de prioridade, os grupos que superen uns mínimos de calidade ó xuízo da Comisión de Investigación, pero que non acaden a puntuación suficiente para a concesión da axuda.

6.- NATUREZA E CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

As axudas que se concedan deben considerarse destinadas a financiar a investigación do grupo durante un máximo de 18 meses, comprendidos entre o 1 de xullo de 2018 e o 31 de decembro de 2019. A concesión da axuda non implica ningún compromiso por parte da Universidade no mantemento da mesma para anos posteriores.

A contía total máxima das subvencións concedidas será de 20.000 € que se librá en dúas anualidades, a primeira de 5.000 € e a segunda de 15.000 € podendo a Comisión de

Investigación establecer distintos niveis de financiamento segundo o tipo de axuda solicitada á convocatoria da Xunta de Galicia (*Grupo de Referencia Competitiva* ou *Grupo con Potencial de Crecemento*) e as puntuacións obtidas polos grupos solicitantes. No caso de que a resolución das axudas de Consolidación da Xunta de Galicia sexa posterior ao 31 de outubro de 2018, os grupos poderán solicitar que a totalidade da axuda se dote no exercicio 2019.

A data máxima para a execución de cada anualidade é o 31 de decembro do ano correspondente, sen prexuízo do cumprimento obrigado das normas de peche de cada exercicio económico. En ningún caso se autorizará a incorporación do remanente dunha anualidade ao exercicio económico do ano seguinte.

En caso de existir renuncias ou rescisións da axuda a algún dos grupos adxudicatarios antes do 31 de outubro de 2018, o importe máximo de 15.000 € da segunda anualidade da axuda será adxudicado aos grupos que corresponda segundo a lista de agarda publicada na proposta de concesión, sen que isto supoña variación no período de gasto.

7.- OBRIGAS DOS GRUPOS BENEFICIARIOS

No prazo de dous meses contados a partir do remate do prazo de aplicación da subvención, o investigador ou investigadora coordinador/a do grupo deberá presentar na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia un informe final, no que se recollan tódolos resultados e utilidades que para as liñas de investigación supuxo a subvención concedida.

I.B - AXUDAS Á REPARACIÓN DE EQUIPAMENTO CIENTÍFICO

1.- OBXECTIVOS

Esta acción ten como obxectivo axudar ós grupos de investigación no mantemento da súa infraestrutura científica en funcionamento. Isto inclúe a reparación e posta a punto do equipamento, quedando loxicamente excluídos os gastos funxibles e a substitución daquelas partes do equipamento que teñan necesariamente que seren substituídas cada certo tempo (por exemplo, as lámpadas dos espectrofotómetros ou as cubetas de moitos equipamentos).

Quen sexa solicitante das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2018, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, procederíase á rescisión da subvención da Universidade de Vigo.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 641.02 Axudas propias á investigación e á transferencia.

3.- SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas os grupos de investigación que teñan pagado gastos de reparacións de equipamento científico no ano 2017 ou 2018 ata a data de peche do prazo de presentación de solicitudes. A reparación de equipamento informático (ordenadores, impresoras) só será aceptada en casos excepcionais, debidamente xustificados en relación coas liñas de investigación do grupo.

Non poderán solicitar esta axuda os grupos que gozaran no ano do pago da reparación de axudas estruturais a grupos de investigación da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, en modelo normalizado I.B, dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo, achegando os seguintes documentos:

- Copia da factura do pagamento realizado. Será responsabilidade de cada solicitante confirmar perante os Servizos Económicos correspondentes, o pago efectivo da factura antes do peche do prazo de solicitude. En ningún caso se terán en conta as reparacións xa financiadas con cargo a axudas externas de I+D+i.

O prazo de entrega das solicitudes rematará o **8 de marzo de 2018**.

5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, avaliará e seleccionará as solicitudes presentadas de acordo cós méritos do grupo de investigación, segundo o indicado no Anexo I, considerando os méritos do grupo obtidos con anterioridade ao 8 de marzo de 2018.

6.- CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

As subvencións concedidas non superarán a cantidade de 2.000 €por grupo de investigación. O importe da subvención librarase no primeiro trimestre do ano 2019. En ningún caso se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio económico 2020.

II. PROGRAMA DE SUBVENCIONES PARA A ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E PARA A REALIZACIÓN, COMISARIADO E MONTAXE DE EXPOSICIONES ARTÍSTICAS

II.A- ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS

1.- OBXECTIVOS

Esta acción ten como obxectivo estimular a organización de congresos científicos sobre problemas especializados concretos, que permitan o intercambio de coñecementos entre especialistas, españois ou estranxeiros, sempre que se cumpra o requisito imprescindible de que se presenten e defendan traballos científicos orixinais que deberán ser publicados nun libro de actas.

Quen sexa solicitante das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2018, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, se a suma das axudas concedidas e os ingresos por cotas de inscrición, se procede, supera o custo total da actividade, procederíase á rescisión total ou parcial da subvención da Universidade de Vigo.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 641.05 Reunións científicas.

3.- SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas os grupos de investigación e os centros de investigación da Universidade de Vigo, a través do seus coordinadores/as e directores/as. Só se poderá solicitar unha axuda por grupo de investigación ou Centro de Investigación, e por cada congreso. Aos efectos desta convocatoria non se considerará a organización de cursos ou ciclos de conferencias.

Os congresos deberán efectuarse durante o ano 2018 ou 2019.

4.- FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes en modelo normalizado II.A dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo, podendo presentarse ata o **8 de marzo de 2018**.

Achegarase adicionalmente a seguinte documentación:

- Memoria científica xustificativa do congreso.
- Orzamento equilibrado de ingresos e gastos incluíndo a subvención solicitada.
- Relación de membros do Comité Organizador e/ou Comité Científico se é o caso.
- Programa provisional no que conste a relación prevista de conferenciantes que se convidan e as actividades a realizar.

- Indicar, se é o caso, os ingresos por cotas de inscrición, e outros ingresos.

5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes.

Darase prioridades ás solicitudes de Centros de investigación. Priorizarase a organización de congresos internacionais (tendo en conta a composición do comité científico e/ou organizador), nos que participen polo menos 3 países, que sexan avalados por organizacións de prestixio, nos que o coordinador ou coordinadora sexa un profesor ou profesora da Universidade de Vigo.

Priorizaranse as solicitudes dos grupos que non tiveran estas axudas na convocatoria anterior, e as dos grupos que non teñan vixentes axudas estruturais a grupos da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia. Así mesmo, priorizarase que os congresos se celebren nas provincias de Ourense e Pontevedra, e valorarase positivamente a continuidade dos mesmos.

No caso das solicitudes de grupos de investigación, poderanse considerar os méritos dos mesmos, segundo o indicado no Anexo I.

Así mesmo, en cumprimento do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo, poderase utilizar como criterio de priorización ou desempate a paridade de xénero na composición dos grupos de investigación solicitantes, así como que o/a investigador/a coordinador/a do grupo pertenza ao xénero minoritario nesta categoría dentro do ámbito de coñecemento correspondente. A aplicación deste criterio, se procede, realizarase segundo informe emitido pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Intentarase seleccionar solicitudes de grupos de investigación distintos, e de grupos de ámbitos de coñecemento diferentes, en caso de existir solicitudes axeitadas que superen uns mínimos de calidade ó xuízo da Comisión de Investigación, co fin de incentivar os mellores grupos dentro de cada ámbito.

6.- NATUREZA E CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

As axudas consistirán nunha subvención que en ningún caso superará a cantidade de 3.000 € As axudas libraranse no ano 2018, e non se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio 2019. No caso de congresos que se realicen en 2019, poderase solicitar que a subvención se libre no primeiro trimestre do ano 2019; esta solicitude deberá presentarse de modo explícito para a súa consideración e aprobación pola Comisión de Investigación.

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A persoa responsable da organización fará constar en toda a información e documentación do congreso (folletos, libros de actas, etc.) a colaboración prestada pola Universidade de Vigo.

Dentro do mes seguinte ao remate do encontro deberá entregarse na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia un informe final, incluíndo documentación xustificativa da realización efectiva da actividade na que conste a referencia á axuda recibida, e unha memoria de ingresos e gastos realizados.

O non cumprimento destes requisitos comportará a automática rescisión da axuda, para os efectos do reintegro da subvención concedida.

II.B – AXUDAS PARA A REALIZACIÓN, COMISARIADO E MONTAXE DE EXPOSICIÓNS ARTÍSTICAS

1.- OBXECTIVOS

Esta acción ten como obxectivo o apoio ao desenvolvemento da investigación no eido da creación artística.

Quen sexa solicitante das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2018, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, se a suma das axudas concedidas supera o custo total da actividade, procederíase á rescisión total ou parcial da subvención da Universidade de Vigo.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 641.05 Reunións científicas.

3.- SOLICITANTES

Poderán formular solicitudes aqueles investigadores doutores ou investigadoras doutoras que teñan como un dos seus posibles resultados a realización ou montaxe dunha exposición da(s) obra(s) creativa(s) que teñan lugar durante o ano 2018, e que sexan membros dun grupo de investigación rexistrado no Servizo de Investigación da Universidade de Vigo, segundo as categorías profesionais indicadas no apartado 1.1.a. da “Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación da Universidade de Vigo”, dispoñible na web http://uvigo.es/uvigo_gl/investigacion/normativa/imasd.html.

Cada persoa solicitante soamente poderá presentar unha solicitude por ano e por exposición. Quedan expresamente excluídas as exposicións relacionadas con actividades de divulgación científica.

Consideraranse tamén as solicitudes presentadas por varios investigadores ou investigadoras no caso de exposicións conxuntas. Así mesmo, poderanse presentar solicitudes de axuda para as exposicións colectivas finais das titulacións impartidas na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo; só se poderá presentar unha solicitude por titulación, que será cursada polo coordinador ou coordinadora da mesma.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes en modelo normalizado II.B, dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo e poderán presentarse ata o **8 de marzo de 2018**.

O persoal investigador solicitante deberá aportar a seguinte información sobre as exposicións artísticas propostas:

- Datas da exposición
- Lugar (sala, cidade, país)
- Organismos, entidades ou persoas colaboradoras na organización e financiamento do proxecto expositivo
- Tipo de participación da persoa solicitante: artista, comisario/a, coordinador/a, outro
- Número de autoras/es participantes, especificando a vinculación coa Universidade de Vigo
- Obras previstas (nº), títulos e ficha técnica das mesmas
- Se se ten previsto a edición de catálogo
- Custo aproximado da edición
- Outros materiais a editar: carteis, trípticos, pancartas, tarxetas, webs, blogs, TV, outros
- Descrición detallada do proxecto expositivo cos custos previstos.
- Importe da axuda solicitada.

5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes. Consideraranse os méritos dos investigadores e investigadoras solicitantes, segundo o indicado no Anexo I.

Darase prioridade ás solicitudes para exposicións conxuntas nas que interveñan, e presenten a solicitude da axuda, conxuntamente un grupo de investigadores ou investigadoras da Universidade de Vigo, e ás solicitudes de exposicións colectivas de titulacións impartidas na Facultade de Belas Artes. Así mesmo, darase prioridade ás solicitudes do persoal investigador que non tiveran estas axudas na convocatoria anterior, e as dos investigadores que non pertencen a grupos de investigación que teñan vixentes axudas estruturais a grupos da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia.

En función do número de solicitudes e a dispoñibilidade orzamentaria, a Comisión de Investigación poderá limitar o número de axudas concedidas por grupo de investigación.

6.- CONTÍA DAS SUBVENCIONS

As subvencións concedidas non superarán a cantidade de 1.500 € As axudas libranse no ano 2018, e non se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio 2019.

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A persoa responsable da organización fará constar en toda a información e documentación da exposición (carteis informativos, programa, tríptico, catálogo, etc.) a colaboración prestada pola Universidade de Vigo.

Dentro do mes seguinte ao remate do encontro deberá entregarse na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia un informe final, incluíndo documentación xustificativa da realización efectiva da exposición na que conste a referencia á axuda recibida, e unha memoria dos gastos realizados.

O non cumprimento destes requisitos comportará a automática rescisión da axuda, para os efectos do reintegro da subvención concedida.

III. PROGRAMA DE AXUDAS Á MOBILIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR

III.A - VISITA DE INVESTIGADORES E INVESTIGADORAS

1.- OBXECTIVOS

Esta acción ten como obxectivo fomentar as visitas que teñan lugar no ano 2018 de investigadores e investigadoras de sona internacional que poidan pronunciar conferencias sobre temas da súa especialidade. Así mesmo, tamén pretende facilitar a celebración de reunións de traballo, debate, e exposicións de obra plástica entre persoal investigador da nosa comunidade universitaria e de quen estea dirixindo traballos análogos noutros centros de investigación, preferentemente estranxeiros.

Quen sexa solicitante das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2018, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, procederíase á rescisión da subvención da Universidade de Vigo.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 641.05 Reunións científicas

3.- SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas os grupos de investigación da Universidade de Vigo e os centros de investigación da Universidade de Vigo, a través do seus coordinadores/as e directores/as.

Poderá solicitarse o financiamento para a visita simultánea de máis dun/ha investigador/a, no caso de celebrarse reunións de traballo, debate, talleres, seminarios, e laboratorios en calquera ámbito da investigación ou da creación artística.

Só se concederá unha axuda a visitas por centro ou grupo solicitante. Só se considerarán as solicitudes de visitas nas que se contemple a realización de actividades (conferencias, xornadas, obradoiros) abertas a toda a comunidade universitaria, e non só ao grupo de investigación.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes en modelo normalizado III.A dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo.

Achegarase adicionalmente un breve currículo do investigador/a ou investigadores/as visitantes, un resumo da investigación que está a realizar o grupo ou o centro de investigación, un resumo das actividades a realizar durante a visita (conferencia/s, programa de reunións) e

xustificación do interese das mesmas para a comunidade universitaria en xeral e para o desenvolvemento das liñas de investigación do grupo ou centro solicitante.

O prazo de entrega das solicitudes rematará o **8 de marzo de 2018**.

5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes.

Darase prioridade ás solicitudes de centros de investigación. Priorizaranse as solicitudes dos grupos que non tiveran estas axudas na convocatoria anterior e as dos grupos que non teñan vixentes axudas estruturais a grupos da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia.

No caso das solicitudes de grupos de investigación, poderanse ter en conta os méritos dos mesmos, segundo o indicado no Anexo I e considerando os méritos dos grupos obtidos con anterioridade ó 8 de marzo de 2018.

Así mesmo, en cumprimento do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo, poderase utilizar como criterio de priorización ou desempate a paridade de xénero na composición dos grupos de investigación solicitantes, así como que o/a investigador/a coordinador/a do grupo pertenza ao xénero minoritario nesta categoría dentro do ámbito de coñecemento correspondente. A aplicación deste criterio, se procede, realizarase segundo informe emitido pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Intentarase seleccionar solicitudes de grupos de investigación distintos, e de grupos de ámbitos de coñecemento diferentes, en caso de existir solicitudes axeitadas que superen uns mínimos de calidade ó xuízo da Comisión de Investigación, co fin de incentivar os mellores grupos dentro de cada ámbito.

Unha vez avaliada a solicitude pola Comisión de Investigación, non se admitirán cambios dos/as investigadores/as visitantes.

6.- NATUREZA E CONTIA DAS SUBVENCIONS

As subvencións contribuirán ao financiamento exclusivamente dos seguintes extremos:

1.- Estadía, só para visitas de fóra da comunidade autónoma de Galicia : 66 €por día completo.

2.-Desprazamento:

- Desde a Comunidade Autónoma de Galicia: 75 €
- Desde Península Ibérica e Baleares: 285 €
- Desde Comunidade Autónoma de Canarias: 465 €
- Desde Europa e hemisferio norteafricano: 545 €

- Desde Asia e Oceanía: 1.050 €
- Desde o resto do mundo: 800 €

A axuda para esta finalidade non poderá exceder de 1.000 €. As axudas libraranse no ano 2018, e non se autorizará a incorporación de remanentes ao exercicio 2019.

Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda concedida en convocatorias públicas para o mesmo fin, comprometéndose en tal caso a persoa solicitante a facer efectivo o reembolso da subvención concedida por esta Universidade.

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A persoa solicitante deberá presentar un informe final, no prazo dun mes contado desde o remate da actividade, coa xustificación da asistencia e gastos do/a investigador/a ou investigadores/as que se invitaron e un resumo das actividades realizadas, incluíndo acreditación da publicidade das mesmas na comunicade universitaria. O non cumprimento deste requisito comportará a automática rescisión da axuda, para os efectos do reintegro da subvención concedida.

III.B – BOLSAS DE VIAXE

1.- OBXECTIVOS

A subvención irá destinada a financiar parcialmente os desprazamentos para a presentación de comunicacións orais ou escritas ou proxectos creativos, en congresos, exposicións de creación artística, e reunións científicas, nacionais ou internacionais, que teñan o seu inicio entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018 e se organicen fóra de Galicia.

Quen sexa solicitante das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2018, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, procederíase á rescisión da subvención da Universidade de Vigo.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Esta convocatoria será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 481.01 Bolsas de viaxe.

3.- SOLICITANTES

Poderá solicitar estas axudas o persoal investigador da Universidade de Vigo que pertenza a unha das seguintes categorías:

- Persoal investigador posdoutoral contratado no marco de programas competitivos nacionais ou autonómicos (agás os beneficiarios das Axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral da Xunta de Galicia, modalidade A, nos dous primeiros anos de contrato).
- Alumnos e alumnas de doutoramento

Quen sexa solicitante deberá posuír a devandita vinculación coa Universidade de Vigo (vixencia do contrato, matrícula) na data de solicitude, e mantela polo menos ata a finalización da actividade para a que se solicita a axuda.

Aos efectos desta convocatoria non se considerará elixible a asistencia a ciclos de conferencias ou mesas redondas.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes en modelo normalizado III.B dirixidas ao sr. reitor da Universidade de Vigo, deberán ser presentadas por grupo de pertenza, segundo o seguinte esquema:

- Grupo 1: persoal investigador posdoutoral contratado no marco de programas competitivos nacionais ou autonómicos (agás os beneficiarios das Axudas de apoio á etapa inicial de

formación posdoutoral da Xunta de Galicia, modalidade A, nos dous primeiros anos de contrato)

- Grupo 2: alumnos e alumnas de doutoramento

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación e tendo en conta que só poderá solicitar a bolsa unha persoa participante por comunicación:

Grupo 1:

- Documento acreditativo da organización do congreso científico
- Documento acreditativo da composición do/s comités científico ou organizador
- Copia da comunicación ou resumo da mesma enviado ao congreso
- Copia do contrato
- Listaxe e documentos xustificativos daqueles 5 méritos obtidos no período 2012-2018 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos. De presentarse máis de 5 méritos, só se terán en conta os 5 primeiros.

Grupo 2:

- Documento acreditativo da organización do congreso científico
- Documento acreditativo da composición do/s comités científico ou organizador
- Copia da comunicación ou resumo da mesma enviado ao congreso
- Copia de resguardo de matrícula dun programa de doutoramento da Universidade de Vigo
- Informe do director ou directora da tese, xustificando o interese do desprazamento
- Listaxe e documentos xustificativos daqueles 5 méritos obtidos no período 2012-2018 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos. De presentarse máis de 5 méritos, só se terán en conta os 5 primeiros.

Ademais, todas as persoas solicitantes que figuren en POD deben achegar a maiores permiso oficial de ausencia en impreso normalizado da Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións.

O prazo de entrega das solicitudes rematará os días **8 de marzo e 28 de setembro de 2018**.

5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas. Na avaliación das solicitudes consideraranse os 5 méritos máis salientables da súa actividade investigadora obtidos no período 2012-2018, seleccionados por cada solicitante, segundo o baremo indicado no Anexo II.

En función do resultado da avaliación a Comisión de Investigación poderá establecer un punto de corte distinto para cada categoría profesional (Grupo 1 e Grupo 2).

A asignación entre modalidades e categoría profesional, así como o financiamento asignado, dependerán da dotación orzamentaria e do volume de pedimentos en cada caso. En calquera caso, darase prioridade a quen sexa solicitante do grupo 2.

Terán prioridade as persoas que non recibiran esta axuda no ano 2017, e as solicitudes para a asistencia a congresos internacionais (tendo en conta que na composición do comité científico e/ou organizador participen polo menos 3 países). Poderanse priorizar as solicitudes do persoal investigador que forme parte dun grupo de investigación rexistrado no Servizo de Investigación.

Así mesmo, en cumprimento do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo, poderase utilizar como criterio de priorización ou desempate a integración da dimensión de xénero na investigación obxecto da actividade proposta. Isto non implica a circunscrición ás investigacións especificamente centradas no xénero, senón que se enfoca dun xeito aberto e non restritivo á inclusión de aspectos relacionados co sexo e o xénero na planificación, metodoloxía e hipóteses empregadas no traballo de investigación. A aplicación deste criterio, se procede, realizarase segundo informe emitido pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Intentarase seleccionar solicitudes de ámbitos de coñecemento diferentes, en caso de existir solicitudes axeitadas que superen uns mínimos de calidade ó xuízo da Comisión de Investigación, co fin de incentivar as mellores solicitudes dentro de cada ámbito. No caso dos alumnos e alumnas de doutoramento (Grupo 2), a asignación a ámbitos de coñecemento realizarase tendo en conta o programa de doutoramento no que estean matriculados/as, segundo o indicado no Anexo III. Para o persoal investigador posdoutoral (Grupo 1) considerarase o ámbito de coñecemento do departamento de adscrición.

Se houberse empate nas puntuacións, a Comisión poderá establecer mecanismos de selección adicionais que constarán na resolución provisional e definitiva de concesión destas axudas.

6.- NATUREZA E CONTIA DAS SUBVENCÍONS

O importe das axudas persoais establecerao a Comisión de Investigación en función do lugar onde se realice o evento:

- Península Ibérica e Baleares: 285 €
- C.A. de Canarias: 465 €
- Europa e hemisferio norteafricano: 545 €
- Asia e Oceanía: 1.050 €
- Resto do mundo: 800 €

Estas axudas de investigación son incompatibles con calquera outra axuda concedida en convocatorias públicas para a mesma finalidade, comprometéndose en tal caso quen sexa solicitante a facer efectivo o reembolso da subvención concedida por esta Universidade.

Nembargante, como se trata dunha axuda parcial, pódense complementar os custos da viaxe a cargo de proxectos de investigación.

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Publicada a resolución de concesión farase efectiva o 80% da axuda. O 20% restante farase efectivo unha vez que a persoa beneficiaria remita á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, dentro do mes seguinte ao do seu retorno, a seguinte documentación:

- Copia do certificado de asistencia ao Congreso, coloquio ou seminario, onde se acredite a presentación dunha comunicación.

O non cumprimento deste requisito comportará a automática rescisión da axuda, para os efectos do reintegro da subvención concedida, e a inhabilitación para poder presentarse a estas axudas nos próximos 5 anos. Ninguén poderá gozar de máis dunha bolsa por ano baixo ningún dos supostos.

III.C - ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN

1.- OBXECTIVOS

Esta acción ten como obxectivo facilitar a estadía en centros de investigación radicados fóra de Galicia para a realización de traballos de investigación e a utilización ou adquisición de técnicas necesarias para o desenvolvemento da mesma e que non poidan ser levadas a cabo na Universidade de Vigo.

A duración da estadía financiada comprenderá entre 30 e 90 días e deberá realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2018.

Quen sexa solicitante das subvencións comprométese a solicitar as axudas análogas da Xunta de Galicia e Ministerios de Educación e de Economía, Industria e Competitividade, en caso de existir convocatoria en calquera momento do ano 2018, e de cumprir os requisitos. De serlle concedida algunha destas axudas, procederíase á rescisión da subvención da Universidade de Vigo.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 481.02 Bolsas estadías.

3.- SOLICITANTES

Poderá solicitar estas axudas o persoal investigador da Universidade de Vigo que pertenza a unha das seguintes categorías:

- Persoal investigador posdoutoral contratado no marco de programas competitivos nacionais ou autonómicos. O persoal investigador beneficiario de Axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral da Xunta de Galicia, modalidade A, so poderán solicitar esta axuda durante o terceiro ano de contrato, e exclusivamente se conta coa autorización expresa do organismo financiador, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a realización da estadía.
- Alumnos e alumnas de doutoramento

Quen sexa solicitante deberá posuír a devandita vinculación coa Universidade de Vigo (vixencia do contrato, matrícula) na data de solicitude, e mantela polo menos ata a finalización da actividade para a que se solicita a axuda.

Exclúense expresamente as axudas para estadías na Universidade na que se licenciou ou doutorou a persoa solicitante e na Universidade á que pertenza o/a seu director/a de tese.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes en modelo normalizado III.C dirixidas ao sr. reitor da Universidade de Vigo, deberán ser presentadas por grupo de pertenza, segundo o seguinte esquema:

- Grupo 1: persoal investigador posdoutoral contratado no marco de programas competitivos nacionais ou autonómicos. O persoal investigador beneficiario de Axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral da Xunta de Galicia, modalidade A, so poderán solicitar esta axuda durante o terceiro ano de contrato, e exclusivamente se conta coa autorización expresa do organismo financiador, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a realización da estadía.
- Grupo 2: Alumnos e alumnas de doutoramento

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

Grupo 1:

- Breve resumo (150 palabras), do traballo de investigación que se vai realizar, xustificando o interese do mesmo
- Documento que acredite a admisión no centro e período para o que se solicita a estadía.
- No caso do persoal investigador beneficiario de Axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral da Xunta de Galicia, modalidade A, autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización da estadía.
- Copia do contrato
- Listaxe e documentos xustificativos daqueles 5 méritos obtidos no período 2012-2018 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos. De presentarse máis de 5 méritos, só se terán en conta os 5 primeiros.

Grupo 2:

- Breve resumo (150 palabras), do traballo de investigación que se vai realizar, xustificando o interese do mesmo
- Documento que acredite a admisión no centro e período para o que se solicita a estadía.
- Copia de resguardo de matrícula dun programa de doutoramento da Universidade de Vigo
- Informe do director ou directora da tese incluíndo un breve resumo do traballo realizado ata o momento polo doutorando ou doutoranda e a conveniencia do desprazamento ao centro de investigación

- Listaxe e documentos xustificativos daqueles 5 méritos obtidos no período 2012-2018 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos. De presentarse máis de 5 méritos, só se terán en conta os 5 primeiros.

Ademais, todos as persoas solicitantes que figuren en POD deben achegar a maiores permiso oficial de ausencia en impreso normalizado da Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións.

O prazo de entrega das solicitudes rematará os días **8 de marzo e 28 de setembro de 2018**.

5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas. Na avaliación das solicitudes consideraranse os 5 méritos máis salientables da súa actividade investigadora obtidos no período 2012-2018, seleccionados por cada solicitante, segundo o baremo indicado no Anexo II.

En función do resultado da avaliación a Comisión de Investigación poderá establecer un punto de corte distinto para cada categoría profesional (Grupo 1 e Grupo 2).

A asignación entre modalidades e categoría profesional, así como o financiamento asignado, dependerán da dotación orzamentaria e do volume de pedimentos en cada caso. En calquera caso, darase prioridade a quen sexa solicitante do grupo 2.

Terán prioridade as persoas que non recibiran axuda nesta convocatoria no ano 2017, e as solicitudes para a realización de estadias internacionais. Poderanse priorizar as solicitudes do persoal investigador que forme parte dun grupo de investigación rexistrado no Servizo de Investigación.

Así mesmo, en cumprimento do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo, poderase utilizar como criterio de priorización ou desempate a integración da dimensión de xénero na investigación obxecto da actividade proposta. Isto non implica a circunscrición ás investigacións especificamente centradas no xénero, senón que se enfoca dun xeito aberto e non restritivo á inclusión de aspectos relacionados co sexo e o xénero na planificación, metodoloxía e hipóteses empregadas no traballo de investigación. A aplicación deste criterio, se procede, realizarase segundo informe emitido pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Intentarase seleccionar solicitudes de ámbitos de coñecemento diferentes, en caso de existir solicitudes axeitadas que superen uns mínimos de calidade ó xuízo da Comisión de Investigación, co fin de incentivar as mellores dentro de cada ámbito. No caso dos alumnos e alumnas de doutoramento (Grupo 2), a asignación a ámbitos de coñecemento realizarase tendo

en conta o programa de doutoramento no que estean matriculados/as, segundo o indicado no Anexo III. Para o persoal investigador posdoutoral (Grupo 1) considerarase o ámbito de coñecemento do departamento de adscrición.

Se houbese empate nas puntuacións, a Comisión poderá establecer mecanismos de selección adicionais que constarán na resolución provisional e definitiva de concesión destas axudas.

6.- NATUREZA E CONTIA DAS SUBVENCIONES

O importe das axudas persoais establecerao a Comisión de Investigación en función do lugar onde se realice a estadía sen superar a cantidade de 3.000 €

1. Estadía:

- España e Portugal: 20 €/ día completo
- Resto do mundo: 30 €/ día completo

2. Desprazamento:

- Península Ibérica e Baleares: 285 €
- C.A. de Canarias: 465 €
- Europa e hemisferio norteafricano: 545 €
- Asia e Oceanía: 1.050 €
- Resto do mundo: 800 €

Esta axuda consumirá a bolsa de viaxe anual que se pode solicitar á Universidade de Vigo. De ter xa percibido unha bolsa de viaxe nesta convocatoria se deducirá da estadía o importe da mesma.

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda concedida en convocatorias públicas, para a mesma finalidade, comprometéndose en tal caso a persoa solicitante a facer efectivo o reembolso da subvención concedida por esta Universidade.

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Publicada a resolución de concesión, o 80% da axuda farase efectiva antes do inicio da estadía. O 20% restante será liquidado unha vez que a persoa beneficiaria remita á Vicerreitoría, dentro do mes seguinte ao do seu retorno, a seguinte documentación:

- Un breve resumo do traballo realizado.
- Unha copia do certificado expedido no centro receptor onde se especifique o tempo da estadía.

O non cumprimento desta obriga en prazo suporá a perda automática do 20% restante. Se transcorrido outro mes non cumprise a dita condición procederase á automática rescisión da axuda, para os efectos do reintegro da subvención concedida, e a inhabilitación para poder presentarse a estas axudas nos próximos 5 anos.

As persoas beneficiarias deben mencionar nas publicacións científicas que se deriven da estadía a subvención concedida pola Universidade de Vigo.

IV. PROGRAMA DE BOLSAS E DE AXUDAS Á FORMACIÓN

IV.A - AXUDAS PREDOUTORAIS

1.- OBXECTIVO

O obxectivo desta convocatoria é subvencionar doutorandos ou doutorandas integradas en grupos de investigación que estean a realizar a tese de doutoramento na Universidade de Vigo, e que en función da súa capacitación e formación poidan converterse en novos investigadores e investigadoras.

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 00VI 131H 641.02 Axudas propias á investigación e á transferencia. Os grupos nos que se integren os contratados ou contratadas poderán complementar estes contratos con financiamento propio non finalista.

3.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Establécense un total de 25 contratos de nova adxudicación para doutorandos ou doutorandas matriculados a tempo completo no curso 2018-2019 nun programa de doutoramento da Universidade de Vigo e que se incorporen a un grupo de investigación rexistrado no Servizo de Investigación da nosa Universidade.

4.- REQUISITOS DOS E DAS SOLICITANTES

As persoas solicitantes das axudas previstas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non ter gozado de bolsas FPI, FPU, predoutorais da Xunta de Galicia ou equivalentes.
- b) Estar matriculadas nun programa de doutoramento na Universidade de Vigo a tempo completo no momento da sinatura do contrato, en caso de concesión. Pedirase a acreditación da matrícula, no caso de concesión da axuda, con anterioridade á sinatura do contrato.
- c) Ter completados 300 ECTS, dos cales alomenos 60 deben ser de formación de estudos oficiais de posgrao e consonte a normativa de matrícula da Universidade de Vigo para o curso 2018-2019.
- d) A data de obtención do título de máster ou de superación dos 60 ECTS dos estudos oficiais de posgrao debe ser posterior a 1 de xaneiro de 2016.
 - a. No caso dos/as licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou titulacións equivalentes que accedan directamente ao doutoramento, esta data é a de obtención do título correspondente (pagamento das taxas), excepto nos casos que lles fose esixido, para o acceso ao doutoramento, a superación de determinados estudos de máster.

- e) Estar incorporadas ou comprometer a súa incorporación a un grupo de investigación da Universidade de Vigo rexistrado no Servizo de Investigación; neste segundo caso pedirase a acreditación da alta efectiva no grupo, no caso de concesión da axuda, con anterioridade á sinatura do contrato.
- f) Non ter gozado destas axudas ou doutras homologadas a elas en anteriores convocatorias.
- g) Non posuír título de doutor ou doutora.
- h) Ter unha nota media do expediente da titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura ou mestra/e ponderada pola nota media da titulación igual ou superior a 1. Para a ponderación, no caso de estudos realizados en universidades españolas, terase en conta a nota media que, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), corresponda á súa titulación na universidade na que a cursou. Para os estudos realizados no estranxeiro, a ponderación realizarase tendo en conta as notas medias ISCED para estudos estranxeiros. Os datos de notas medias ISCED para estudos realizados en España e no estranxeiro, respectivamente, poden encontrarse nos seguintes enlaces:

https://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/998758/ficha/998758-2017/Notas_medias_ISCED.pdf

https://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/998758/ficha/998758-2017/Notas_Medias_Extranjeros.pdf

5.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes en modelo normalizado IV.A, dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

a) Alumnado de universidades españolas:

- Fotocopia do D.N.I., ou equivalente.
- Listaxe e documentos xustificativos daqueles 5 méritos obtidos no período 2012-2018 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria. De presentarse máis de 5 méritos, só se terán en conta os 5 primeiros. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos
- Se é o caso, certificación académica oficial de Máster, na que se indique o dato da titulación de acceso.

- Certificación académica dos estudos que dean acceso ao programa de doutoramento na que figuren as cualificacións obtidas e as súas datas de obtención. Esta certificación académica debe conter a expresión da nota media do expediente calculada, sempre que sexa posible, de acordo co establecido no Real Decreto 1125/2003 e no protocolo de colaboración suscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. De non reflectirse na certificación a devandita nota media, o alumnado deberá presentar xunto coa certificación académica, unha declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo MECD no enderezo web:

<http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>

b) Alumnado de universidades estranxeiras:

- Fotocopia do pasaporte ou equivalente.
- Listaxe e documentos xustificativos daqueles 5 méritos obtidos no período 2012-2018 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria. De presentarse máis de 5 méritos, só se terán en conta os 5 primeiros. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos.
- Fotocopia do/s título/s universitario/s estranxeiros.
- Certificación académica dos estudos universitarios cursados conducentes ao título presentado.
- Se é o caso, certificación académica oficial de Máster, na que se indique o dato da titulación de acceso.
- Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, obtida a través do procedemento en liña establecido polo MECD no enderezo web:

<http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>

- c) Resolución reitoral pola que se resolva favorablemente a equivalencia académica do título estranxeiro sen homologación.

No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

As persoas que acceden ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomatura ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do 2º ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Salvo as certificacións académicas emitidas pola Universidade de Vigo, das que se pode presentar copia simple, as copias dos títulos estranxeiros e das certificacións académicas emitidas por outras universidades deben estar compulsadas ou presentarse os documentos orixinais. Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o **28 de setembro de 2018**.

6.- PERÍODO DE DESFRUTE E CONTÍA

A dotación anual do contrato será de 20.500 €(custos incluídos).

O período de disfrute será como máximo de dous anos desde a data de sinatura do contrato, considerándose non obstante causa legal e suficiente para a rescisión do contrato non superar o informe-avaliación ao que necesariamente se someterá a persoa beneficiaria de axuda no décimo mes de contrato.

Estas axudas non establecen relación contractual estable nin compromiso posterior de incorporación á Universidade de Vigo

7.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas tomando como base os seguintes criterios:

- a) Nota media do expediente académico de cada solicitante ponderada pola nota media da titulación de grao, licenciatura, enxeñaría, arquitectura, etc. Para a ponderación, no caso de estudos realizados en universidades españolas, terase en conta a nota media que, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), corresponda á súa titulación na universidade na que a cursou. Para os estudos realizados no estranxeiro, a ponderación realizarase tendo en conta as notas medias ISCED para estudos estranxeiros. Os datos de notas medias ISCED para estudos realizados en España e no estranxeiro, respectivamente, poden encontrarse nos seguintes enlaces:

https://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/998758/ficha/998758-2017/Notas_medias_ISCED.pdf

https://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/998758/ficha/998758-2017/Notas_Medias_Extranjeros.pdf

No caso de titulacións de segundo ciclo, baremaranse os expedientes tomando a nota media ponderada para cada ciclo e calculando a media entre ámbalas dúas.

A nota media do expediente académico calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título universitario oficial español de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou graduado/a nun grao de 300 créditos, valoraranse a totalidade dos créditos ou materias superadas.
- No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado/a de 240 créditos, diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a e mestre/a, a nota media realizarase tendo en conta estes estudos máis a totalidade dos créditos superados no máster ou equivalente, debendo ter completado polo menos 300 créditos no conxunto dos estudos universitarios de grao ou primeiro ciclo e de máster ou equivalente, de acordo coa seguinte fórmula:

$$(X*C1+M*C2) / (C1+C2)$$

Sendo:

X: Nota media obtida no grao ou no primeiro ciclo.

M : Nota media obtida no máster ou equivalente.

C1: Créditos superados no grao ou no primeiro ciclo.

C2: Créditos superados no máster ou equivalente.

b) Valoración dos 5 méritos obtidos no período 2012-2018 que sometan a avaliación de acordo co Anexo II da convocatoria e a documentación achegada.

En cada un dos apartados, outorgarase un máximo de catro puntos á candidatura coa puntuación máis alta, e o resto das candidaturas obterán unha puntuación proporcional a esta. Logo, as puntuacións dos apartados a) e b) ponderaranse de maneira que cada un deles supoña, respectivamente, o 75% e o 25% da puntuación total.

A Comisión de Investigación agrupará as solicitudes por ámbitos de coñecemento, e seleccionará polo menos unha candidatura por ámbito, tentando equilibrar as distintas titulacións e os respectivos ámbitos de coñecemento. A asignación a ámbitos de coñecemento realizarase tendo en conta o programa de doutoramento no que estean matriculadas as persoas solicitantes, segundo o indicado no Anexo III.

Quedarán excluídas as persoas que teñan concedida unha bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta de Galicia).

8.- CONDICIÓN DE DESFRUTE DA AXUDA E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

A persoa beneficiaria realizará tarefas de formación e colaboración en réxime de adicación total.

O disfrute desta axuda é incompatible con calquera outra axuda de análoga natureza financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial ou que supoña contraprestación dineraria. Non obstante, as axudas de este programa sí serán compatibles coas percepcións que procedan de tarefas docentes ou investigadoras directamente asociadas coa actividade de investigación desenvolta polo persoal investigador en formación e cos complementos provenientes do seu proxecto de I+D, de contratos realizados en aplicación a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, debendo neste caso ser comunicadas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para a súa autorización previa. As persoas beneficiarias deberán comunicar ao órgano concedente se se produce o caso, a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos de natureza similar á concedida, que lles cheguen tan pronto teñan coñecemento o que poderá supoñer a minoración ou rescisión da actual axuda, segundo a consideración da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

O beneficiario ou beneficiaria realizará o seu labor no centro de aplicación da axuda, sendo necesario para calquera cambio de centro, ou ausencia temporal xustificada da persoa interesada, solicitar autorización previa ao investigador ou investigadora coordinador/a do grupo. Deberá remitir copia da solicitude e autorización á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia da Universidade de Vigo.

Os beneficiarios e beneficiarias poderán impartir 60 horas/ano de docencia, con finalidades formativas, logo da conformidade do director ou directora da tese de doutoramento e por proposta do departamento implicado, que o aprobará no seu POD. A docencia impartida limitarase a ensinanzas prácticas ou suplencias, e en ningún caso se encargarán dunha materia ou disciplina completa.

Os beneficiarios e beneficiarias están obrigados a comunicar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, se é o caso, a renuncia ao contrato tan pronto como se produza a causa que a determine. Cando a persoa beneficiaria cese, e sempre que reste un período de disfrute igual ou superior a 6 meses, será substituída por unha das suplentes durante o período restante da axuda.

Unha vez lida a tese, manterase a condición do beneficiario ou beneficiaria sempre e cando continúe desenvolvendo labores de investigación na Universidade de Vigo, e o período restante de desfrute da axuda sexa igual ou inferior a 10 meses.

A persoa beneficiaria no décimo mes de contrato (ou cando renuncie ou cese) deberá remitir a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia unha memoria (máximo 500 palabras) que reflecta o labor realizado e os resultados obtidos. Na memoria deberá figurar o visto e prace dos directores ou directoras da tese de doutoramento.

IV.B - BOLSAS DE FORMACION NO CENTRO DE APOIO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO A INVESTIGACIÓN (C.A.C.T.I.) DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1.-OBXECTIVOS

O obxectivo desta convocatoria é subvencionar a formación e aprendizaxe de estudantes de programas de doutoramento ou máster impartidos pola Universidade de Vigo no dominio das técnicas utilizadas nos servizos que se prestan no Centro de Apoio Científico Tecnolóxico a Investigación (C.A.C.T.I.).

Convócanse tres bolsas, cos seguintes perfís:

- 1 para Determinación Estrutural-Unidade de Difracción de RX de monocristal
- 1 para Microscopía Electrónica, área de Ciencias da Vida.
- 1 para Secuenciación de ADN

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria CAT1 131H 482.99 Bolsas estudantes, Outras.

3.- SOLICITANTES

- Estar matriculado/a no momento do inicio do desfrute da bolsa nalgún dos programas de doutoramento ou máster da Universidade de Vigo a tempo completo, e manter a devandita vinculación durante o desfrute da bolsa. Pedirase a acreditación da matrícula, no caso de concesión da axuda, con anterioridade á aceptación da bolsa.
- Posuír segundo o perfil das bolsas as seguintes titulacións:
 - Determinación Estrutural: Grao ou Licenciatura en Química ou Ciencias do Mar.
 - Microscopía Electrónica: Grao ou Licenciatura en Bioloxía, Ciencias do Mar ou Química
 - Secuenciación de ADN: Grao ou Licenciatura en Bioloxía, Ciencias do Mar ou Biotecnoloxía.
- - Estar incorporado/a ou comprometer a súa incorporación a un grupo de investigación da Universidade de Vigo rexistrado no Servizo de Investigación; neste segundo caso pedirase a acreditación da alta efectiva no grupo, no caso de concesión da axuda, con anterioridade ao inicio do desfrute da mesma.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes en modelo normalizado IV.B, dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I., ou equivalente.
- Curriculum Vitae con documentos acreditativos estruturado nos seguintes apartados: formación académica (titulacións, cursos de formación, etc.), experiencia profesional (acreditada con copia dos contratos de traballo), experiencia investigadora (publicacións, participación en proxectos, estancias de investigación, etc.). Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos.
- Certificación académica detallada dos estudos que deron acceso aos estudos de máster ou doutoramento na que figuren as calificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (copia simple para as titulacións obtidas na Universidade de Vigo e orixinal ou copia compulsada para as obtidas noutras Universidades). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico.

No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

A persoa que acceda ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou diplomada ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico, deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Aos efectos de certificación de equivalencia de cualificacións, os/as solicitantes deberán presentar as notas medias proporcionadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (<http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>).

Esta convocatoria permanecerá aberta ata o **8 de marzo de 2018**.

6.- PERÍODO DE DESFRUTE E CONTÍA

O período de disfrute será dun ano a contar dende o 1 de outubro de 2018.

A dotación total da bolsa será de 9.000 € (custos incluídos), que serán aboados en pagos mensuais.

7.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas tomando como base os seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico de cada solicitante en relación coa nota media da titulación. No caso de titulacións non preferentes, a nota media terá unha redución que determinará a Comisión de Investigación.
- Informe/valoración emitido pola dirección do C.A.C.T.I. sobre o currículum vitae do/a solicitante, ata un máximo de 1 punto.

Quedarán excluídas as persoas que teñan concedida unha axuda IV.C - Bolsas de formación na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), VI.D – Bolsas de formación no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (C.I.T.I.), ou quen xa gozase desta bolsa durante dúas convocatorias.

8.- CONDICIÓN DO DESFRUTE DA BOLSA E OBRIGAS DOS BOLSEIROS E BOLSEIRAS

O disfrute desta axuda é incompatible con calquera outra axuda de análoga natureza financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial ou que supoña contraprestación dineraria. Non obstante, as axudas de este programa sí serán compatibles coas percepcións que procedan de tarefas docentes ou investigadoras directamente asociadas coa actividade de investigación desenvolta polo persoal investigador en formación e cos complementos provenientes do seu proxecto de I+D, de contratos realizados en aplicación a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, debendo neste caso ser comunicadas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para a súa autorización previa. As persoas beneficiarias deberán comunicar ao órgano concedente se se produce o caso, a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos de natureza similar á concedida, que lles cheguen tan pronto teñan coñecemento o que poderá supoñer a minoración ou rescisión da actual axuda, segundo a consideración da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

A colaboración prestada polas persoas beneficiarias da bolsa será de 20 horas/semana e dependerán directamente da dirección do C.A.C.T.I. Como se explica nos obxectivos do programa, estas axudas son de formación e aprendizaxe de estudantes de programas de doutoramento ou máster polo que os beneficiarios e beneficiarias terán dereito a participar en congresos e reunións científicas así como a realizar estadias de formación noutros centros de

investigación ata un máximo de 1 mes/ano previa solicitude razoada á dirección do C.A.C.T.I. e aprobación pola mesma.

Estas bolsas non establecen relación contractual coa Universidade de Vigo, nin compromiso de futura incorporación a mesma.

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado polo bolseiro ou bolseira no que se compromete a cumprir tódalas condicións recollidas nas presentes bases, e iniciaranse entón os trámites para proceder aos correspondentes pagamentos.

As persoas beneficiarias da bolsa están obrigadas a comunicar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, se é o caso, a renuncia á bolsa tan pronto como se produza a causa que a determine.

Cando un bolseiro ou bolseira cese, será substituído por un/unha das suplentes, sempre que reste un período igual ou superior a 6 meses.

Quen se beneficie da bolsa, durante os tres últimos meses (ou cando renuncie ou cese) de desfrute da bolsa, deberá remitir á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia unha memoria que reflecta a totalidade do labor formativo realizado e os seus resultados, facendo especial referencia aos obxectivos acadados. Nesta memoria necesariamente deberá figurar o visto e prace da dirección do C.A.C.T.I.

IV.C - BOLSAS DE FORMACIÓN NA ESTACIÓN DE CIENCIAS MARIÑAS DE TORALLA (ECIMAT) DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1.-OBXECTIVOS

O obxectivo desta convocatoria é subvencionar a formación e aprendizaxe de estudantes de doutoramento ou master da Universidade de Vigo no dominio das técnicas utilizadas na Estación de Ciencias Mariñas – ECIMAT.

Convócanse tres bolsas, cos seguintes perfís:

- 1 para investigación no medio mariño
- 1 para investigación en recursos biolóxicos e cultivos mariños
- 1 para investigación en calidade ambiental mariña e histoloxía

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria VMAT 131H 482.99 Bolsas estudantes, Outras.

3.- SOLICITANTES

- Posuír as seguintes titulacións preferentes: Grao ou Licenciatura en Ciencias do Mar ou Bioloxía.
- Estar matriculado/a no momento do inicio do desfrute da bolsa nalgún dos programas de doutoramento ou máster da Universidade de Vigo a tempo completo, e manter a devandita vinculación durante o desfrute da bolsa. Pedirase a acreditación da matrícula, no caso de concesión da axuda, con anterioridade á aceptación da bolsa.
- Estar incorporado/a ou comprometer a súa incorporación a un grupo de investigación da Universidade de Vigo rexistrado no Servizo de Investigación; neste segundo caso pedirase a acreditación da alta efectiva no grupo, no caso de concesión da axuda, con anterioridade ao inicio do desfrute da mesma.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes en modelo normalizado IV.C, dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- Curriculum Vitae con documentos acreditativos estruturado nos seguintes apartados: formación académica (titulacións, cursos de formación, etc.), experiencia profesional (acreditada con copia dos contratos de traballo), experiencia investigadora (publicacións, participación en proxectos, estancias de investigación, etc.). Rematado o

prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos.

- Fotocopia do D.N.I., ou equivalente.
- Certificación académica detallada dos estudos que deron acceso aos estudos de máster ou doutoramento na que figuren as calificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (copia simple para as titulacións obtidas na Universidade de Vigo e orixinal ou copia compulsada para as obtidas noutras Universidades). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente académico.

No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

As persoas que acceden ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou diplomada ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico, deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Aos efectos de certificación de equivalencia de cualificacións, os/as solicitantes deberán presentar as notas medias proporcionadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (<http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>).

Esta convocatoria permanecerá aberta ata o **8 de marzo de 2018**.

6.- PERÍODO DE DESFRUTE E CONTÍA

O período de disfrute será dun ano a contar desde o 1 de outubro de 2018.

A dotación total da bolsa será de 9.000 € custos incluídos, que serán aboados en pagos mensuais.

7.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas tomando como base os seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico de cada solicitante en relación coa nota media da titulación. No caso de titulacións non preferentes, a nota media terá unha redución que determinará a Comisión de Investigación.

- Informe/valoración emitido pola dirección da Estación das Ciencias Mariñas de Toralla sobre o curriculum vitae de cada solicitante, ata un máximo de 1 punto.

Quedarán excluídas as persoas que teñan concedida unha axuda IV.B - Bolsas de formación no Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (C.A.C.T.I.), IV.D – Bolsas de formación no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (C.I.T.I.), ou os que xa gozasen desta bolsa durante dúas convocatorias.

8.- CONDICIÓN DO DESFRUTE DA BOLSA E OBRIGAS DOS BOLSEIROS E BOLSEIRAS

O disfrute desta axuda é incompatible con calquera outra axuda de análoga natureza financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial ou que supoña contraprestación dineraria. Non obstante, as axudas de este programa sí serán compatibles coas percepcións que procedan de tarefas docentes ou investigadoras directamente asociadas coa actividade de investigación desenvolta polo persoal investigador en formación e cos complementos provenientes do seu proxecto de I+D, de contratos realizados en aplicación a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, debendo neste caso ser comunicadas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para a súa autorización previa. As persoas beneficiarias deberán comunicar ao órgano concedente se se produce o caso, a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos de natureza similar á concedida, que lles cheguen tan pronto teñan coñecemento o que poderá supoñer a minoración ou rescisión da actual axuda, segundo a consideración da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

A colaboración prestada polas persoas beneficiarias da bolsa será de 20 horas/semana e dependerán directamente da dirección da ECIMAT. Como explicase nos obxectivos do programa, estas axudas son de formación e aprendizaxe de estudantes de programas de doutoramento ou máster polo que os beneficiarios e beneficiarias terán dereito a participar en congresos e reunións científicas así como a realizar estadias de formación noutros centros de investigación ata un máximo de 1 mes/ano previa solicitude razoada á dirección da ECIMAT e aprobación pola mesma.

Estas bolsas non establecen relación contractual coa Universidade de Vigo, nin compromiso de futura incorporación á mesma.

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado polo/a bolseiro/a no que se compromete a cumprir tódalas condicións recollidas nas presentes bases, e iniciaranse entón os trámites para proceder aos correspondentes pagamentos.

As persoas beneficiarias da bolsa están obrigadas a comunicar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, se é o caso, a renuncia á bolsa tan pronto como se produza a causa que a determine.

Cando un bolseiro ou bolseira cese, será substituído por un/unha das suplentes, sempre que reste un período igual ou superior a 6 meses.

Quen se beneficie da bolsa, durante os tres últimos meses de disfrute da bolsa (ou cando renuncie ou cese), deberá remitir á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia unha memoria que reflecta a totalidade do labor formativo realizado e os seus resultados, facendo especial referencia aos obxectivos acadados. Nesta memoria necesariamente deberá figurar o visto e prace da dirección da ECIMAT.

IV.D - BOLSAS DE FORMACIÓN NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN (C.I.T.I.) DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1.-OBXECTIVOS

O obxectivo desta convocatoria é facilitar que estudantes da Universidade de Vigo presten a súa colaboración, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (C.I.T.I.) de Ourense. Preténdese que a persoa beneficiaria da bolsa de formación se inicie en tarefas que, ou ben estean directamente vinculadas aos estudos que está cursando, ou ben lle sirvan de aprendizaxe que poida contribuír a súa formación para a incorporación a un contorno de traballo real.

Convócanse dúas bolsas, cos seguintes perfís:

- 1 bolsa de formación analista/programador do C.I.T.I. (BF1)
- 1 bolsa de formación en Biotecnoloxía (BF2)

2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria OUCT 131H 482.99 Bolsas estudantes, Outras.

3.- SOLICITANTES

- Posuír segundo o perfil das bolsas as seguintes titulacións preferentes:
 - Bolsa Formación BF1: Grao en Enxeñería Informática ou equivalente
 - Bolsa Formación BF2: Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos, Ciencias ambientais, Enxeñaría agraria, Bioloxía ou equivalentes
- Estar matriculado/a no momento do inicio do desfrute da bolsa nalgún dos programas de doutoramento ou máster da Universidade de Vigo a tempo completo, e manter a devandita vinculación durante o desfrute da bolsa. Pedirase a acreditación da matrícula, no caso de concesión da axuda, con anterioridade á aceptación da bolsa.
- Estar incorporado/a ou comprometer a súa incorporación a un grupo de investigación da Universidade de Vigo rexistrado no Servizo de Investigación; neste segundo caso pedirase a acreditación da alta efectiva no grupo, no caso de concesión da axuda, con anterioridade ao inicio do desfrute da mesma.

4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes en modelo normalizado IV.D, dirixiranse ao sr. reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- Curriculum Vitae con documentos acreditativos estruturado nos seguintes apartados: formación académica (titulacións, cursos de formación, etc.), experiencia profesional (acreditada con copia dos contratos de traballo), experiencia investigadora (publicacións, participación en proxectos, estancias de investigación, etc.). Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos.
- Fotocopia do D.N.I., ou equivalente.
- Certificación académica detallada dos estudos que deron acceso aos estudos de máster ou doutoramento na que figuren as calificacións obtidas, as súas datas de obtención e o número exacto de convocatorias investidas en cada materia (copia simple para as titulacións obtidas na Universidade de Vigo e orixinal ou copia compulsada para as obtidas noutras Universidades). Non serán válidas as certificacións extractadas do expediente.

No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da certificación académica, de idénticas características, para os estudos de orixe.

As persoas que acceden ao 2º ciclo dunha licenciatura a través do correspondente curso de adaptación, por estar en posesión dun título de diplomado ou diplomada ou por ter realizado o 1º ciclo dalgunha titulación que permita o acceso ao 2º ciclo, para efectos de determinar a media do expediente académico, deberán achegar ademais da certificación correspondente ao curso de adaptación e a do segundo ciclo, a referente á diplomatura ou aos estudos de 1º ciclo realizados.

Aos efectos de certificación de equivalencia de cualificacións, os/as solicitantes deberán presentar as notas medias proporcionadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (<http://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>).

Esta convocatoria permanecerá aberta ata o **8 de marzo de 2018**.

6.- PERÍODO DE DESFRUTE E CONTÍA

O período de disfrute será dun ano a contar desde o 1 de outubro de 2018.

A dotación total da bolsa será de 9.000 € custos incluídos, que serán aboados en pagos mensuais.

7.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas tomando como base os seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico de cada solicitante en relación coa nota media da titulación. No caso de titulacións non preferentes, a nota media terá unha redución que determinará a Comisión de Investigación.
- Informe/valoración emitido pola dirección do C.I.T.I. sobre o curriculum vitae de cada solicitante, ata un máximo de 1 punto.

Quedarán excluídas as persoas que teñan concedida unha axuda IV.B - Bolsas de formación no Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación (C.A.C.T.I.), IV.C - Bolsas de formación na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), ou os que xa gozasen desta bolsa durante dúas convocatorias.

8.- CONDICIÓN DO DESFRUTE DA BOLSA E OBRIGAS DOS BOLSEIROS E BOLSEIRAS

O disfrute desta axuda é incompatible con calquera outra axuda de análoga natureza financiada con fondos públicos ou privados españois ou comunitarios así como con carácter xeral, coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial ou que supoña contraprestación dineraria. Non obstante, as axudas de este programa sí serán compatibles coas percepcións que procedan de tarefas docentes ou investigadoras directamente asociadas coa actividade de investigación desenvolta polo persoal investigador en formación e cos complementos provenientes do seu proxecto de I+D, de contratos realizados en aplicación a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, debendo neste caso ser comunicadas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para a súa autorización previa. As persoas beneficiarias deberán comunicar ao órgano concedente se se produce o caso, a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos de natureza similar á concedida, que lles cheguen tan pronto teñan coñecemento o que poderá supoñer a minoración ou rescisión da actual axuda, segundo a consideración da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

A colaboración prestada polas persoas beneficiarias da bolsa será de 20 horas/semana e dependerán directamente da dirección do C.I.T.I. Como se explica nos obxectivos do programa, estas axudas son de formación e aprendizaxe de estudantes de programas de doutoramento ou máster polo que os beneficiarios e beneficiarias terán dereito a participar en congresos e reunións científicas así como a realizar estadias de formación noutros centros de investigación ata un máximo de 1 mes/ano previa solicitude razoada á dirección do C.I.T.I. e aprobación pola mesma.

Estas bolsas non establecen relación contractual coa Universidade de Vigo, nin compromiso de futura incorporación á mesma.

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado polo/a bolseiro/a no que se compromete a cumprir tódalas condicións recollidas nas presentes bases, e iniciaranse entón os trámites para proceder aos correspondentes pagamentos.

As persoas beneficiarias da bolsa están obrigadas a comunicar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, se é o caso, a renuncia á bolsa tan pronto como se produza a causa que a determine.

Cando un bolseiro o bolseira cese, será substituído por un/unha das suplentes, sempre que reste un período igual ou superior a 6 meses.

Quen se beneficie dunha bolsa, durante os tres últimos meses de disfrute da bolsa (ou cando renuncie ou cese), deberá remitir á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia unha memoria que reflecta a totalidade do labor formativo realizado e os seus resultados, facendo especial referencia aos obxectivos acadados. Nesta memoria necesariamente deberá figurar o visto e prace da Dirección do C.I.T.I.

ANEXOS

ANEXO I

BAREMO DE AVALIACIÓN DE MÉRITOS DE INVESTIGACIÓN

Para os efectos de avaliación cara á presente convocatoria, e salvo que se indique outra cosa nas correspondentes bases específicas, os méritos dos grupos de investigación valoraranse tendo en conta:

- Sexenios (máximo 20 puntos)
- Producción de transferencia dos tres últimos anos avaliados, 2014-16 (máximo 30 puntos)
- Producción de investigación dos tres últimos anos avaliados, 2014-16 (máximo 50 puntos)

En cada un dos apartados indicados, a puntuación normalizarase con respecto á máxima obtida entre os grupos solicitantes, de acordo cos máximos valores indicados.

A suma das puntuacións obtidas nos 3 apartados anteriores (P_1 , P_2 , P_3) modificarase en función do número de doutores (D) de cada grupo que pertenza ás categorías de catedrático/a e titular de universidade, catedrático/a e titular de escola universitaria, profesor/a contratado/a doutor/a (incluídos interinos), investigador/a distinguido/a ou persoal investigador contratado a cargo dos programas Ramón y Cajal, posdoutorais da Xunta de Galicia (modalidades A e B) e Marie Curie ou equivalentes, segundo a seguinte expresión:

$$P = 0,5 \times (P_1 + P_2 + P_3) + 0,5 \times \left(\frac{P_1 + P_2 + P_3}{D} \right)$$

No caso de avaliación de méritos de investigadores ou investigadoras individuais, e salvo que se indique outra cosa nas correspondentes bases específicas, utilizarase o mesmo procedemento sen a modificación polo número de doutores ou doutoras, segundo a expresión:

$$P = P_1 + P_2 + P_3$$

ANEXO II

BAREMO DE PUNTUACIÓN DO CURRÍCULO

- Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos.
- Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) antes da data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.
- Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autores ou autoras, a puntuación baixará un 10% por cada autor/a adicional (90% si son 4, 80% si son 5, etc.).
- Para a interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na baremación de puntuación do currículo, aplicaranse sempre que sexa posible os criterios establecidos na última convocatoria publicada da avaliación da Producción de Investigación e a Producción de Transferencia da Universidade de Vigo.

1. COMUNICACIÓNS a congresos, simposios e reunións científicas.

Documentación: Deberá presentarse copia da comunicación publicada no libro de actas do congreso, editado en papel ou formato electrónico, onde figure o título e autores/as da comunicación, así como copia da portada onde se indique o nome, tipo de congreso, datas de celebración e composición dos comités científico e/ou organizador. En caso de acreditarse axeitadamente a non publicación de actas do congreso, nin en formato papel nin electrónico, poderá aceptarse a presentación dun certificado acreditativo emitido pola organización do congreso, no que figuren todos os datos anteriores.

(Non se considerará como copia a comunicación ou manuscrito a máquina ou ordenador enviado ao congreso para a súa aceptación):

Internacionais

comunicación extensa (non resumo) ou proceeding.....	1,50
comunicación breve	0,75
tradución	0,75

Nacionais

comunicación extensa (non resumo) ou proceeding.....	0,75
comunicación breve.....	0,40
tradución.....	0,40

Considéranse congresos internacionais os que no comité científico e/ou organizador participen polo menos 3 países.

Para a consideración de comunicación extensa, a publicación derivada do congreso debe presentar a estrutura dun traballo de investigación, e ter como mínimo unha extensión de 3 páxinas. De non cumprir e acreditar estes requisitos, considerarase comunicación breve.

Para as comunicacións orais, só no caso de que o/a poñente fose a persoa solicitante da axuda, e sempre que se presente acreditación inequívoca deste feito, sumarase 0,5 puntos no caso de congresos internacionais e 0,20 puntos no caso de congresos nacionais á puntuación obtida.

Non se valorarán neste apartado as reunións derivadas de proxectos de investigación nin os eventos que non teñan un proceso aberto de presentación de comunicacións e selección das mesmas, nin a asistencia a ciclos de conferencias ou mesas redondas.

2. ESTADÍAS fóra de Galicia, e participación en **CAMPAÑAS CIENTÍFICAS.**

Documentación: Certificado da estadía ou campaña expedido polo centro receptor, con indicación expresa de lugar e data de inicio e finalización.

de 16 a 30 días.....	0,5
de 31 a 90 días	1
de 91 a 180 días	2
máis de 180 días	3

3. OUTROS TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS

Licenciatura, grao ou equivalente.....	2
Diplomatura ou equivalente.....	1

Nota: non son computables os títulos de máster

4. IMPARTICIÓN DE CURSOS E CONFERENCIAS DE CONTIDO CIENTÍFICO

Documentación: documento que acredite a impartición, o título do curso/conferencia e as horas:

menos de 20 horas	0,2
de 20 a 50 horas	0,4
de 51 a 75 horas	0,7
máis de 75 horas	1

Nota: non é computable a impartición de docencia

5. BOLSAS DE COLABORACIÓN DO MECD

Documentación: Credencial de bolseiro/a de colaboración, na que conste a denominación da convocatoria, órgano convocante, datas de disfrute e departamento/grupo de investigación de colaboración.

Bolsas de colaboración en departamentos universitarios do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte 4

6. PRODUCCIÓN ARTÍSTICA (con ou sen edición de catálogo)

Documentación: Deberase presentar orixinal ou copia do catálogo, ou documentación equivalente, onde se indique o título da produción artística, lugar e data de celebración, nº de participantes, nº e títulos das obras presentadas polo/a solicitante e nº total de obras expostas.

- producións individuais en galerías recoñecidas..... 8
- producións colectivas en galerías recoñecidas..... 2
- producións individuais en locais públicos..... 2
- producións colectivas en locais públicos..... 0,5

Considérase produción artística o comisariado e a produción e exposición de obra. En galerías recoñecidas inclúense os organismos públicos (ex. CGAC, concellos, etc.).

7. COÑECEMENTO DE LINGUAS

Documentación: Deberase presentar copia da certificación académica na que conste o título obtido ou copia do título que se posúa.

Consideraranse os niveis de competencia acordes ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, para linguas distintas ao castelán, galego e resto de linguas cooficiais do Estado español; e segundo a relación publicada pola CRUE e por ACLES nos enlaces seguintes:

<http://www.crue.org/SitePages/Mesas-linguisticas.aspx>

http://www.acles.es/files/ckeditor/tablas_de_certificados_admitidos_por_acles_8.pdf

Admitiranse así mesmo as certificacións de superación de nivel do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas emitidas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo.

O baremo será como segue:

- Nivel C2..... 6
- Nivel C1..... 4
- Nivel B2..... 2

8. PREMIOS E DISTINCIÓNS

Documentación: Deberase presentar copia da certificación na que conste o premio obtido, e o órgano que o concede. Só se considerarán premios fin de carreira outorgados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, administracións educativas autonómicas (Consellerías de Educación) e Universidades.

- Ámbito estatal (Premios fin de carreira do Ministerio de Educación: Premios Nacionales a la Excelencia en el Rendimiento Académico Universitario)10
- Ámbito autonómico.....5
- Premios extraordinarios fin de carreira de cada Universidade3

9. PUBLICACIÓNS

REVISTAS Criterios de clasificación:

Documentación: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicación debidamente impresa, o nome da revista e os autores e autoras.

As publicacións derivadas de congresos, aínda que sexan publicadas nunha revista periódica, non se considerarán neste apartado. Tamén quedan expresamente excluídos os artigos en xornais de divulgación e os documentos de traballo.

Establécense as seguintes categorías, segundo a inclusión da revista nas bases de datos de referencia *:

TIPO A: Revistas que aparezan no *JCR-SCI* ou *JCR-SSCI*, no *SJR* con índice de impacto, no grupo A da Clasificación *CIRC*, no *A&HCI*, no *ERIH* ou no grupo A do *CARHUS*.

TIPO B: Revistas que non se atopen catalogadas como tipo A e que estean incluídas no Grupo B do *CIRC*, no grupo B do *CARHUS*, ou que aparezan en *Scopus*.

TIPO C: Revistas que non se atopen catalogadas como tipo A nin B, e que estean incluídas no Grupo C do *CIRC* ou no grupo C do *CARHUS*.

TIPO D: Revistas de investigación non incluídas en apartados anteriores.

* Bases de datos:

- *JCR-SCI (Journal Citation Reports, Science Edition) e JCR-SSCI (Journal Citation Reports, Social Sciences Edition)*
- *SJR (SCImago Journal Rank)*
- *CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas)*
- *ERIH (European Reference Index for the Humanities)*
- *A&HCI (Arts and Humanities Citation Index)*
- *CARHUS (Sistema de avaliación de revistas científicas dos ámbitos das Ciencias Sociais e Humanidades)*
- *SCOPUS*

En todos os casos, utilizaranse as bases de datos do ano mais recente dispoñible.

O baremo será como segue:

- TIPO A12
- TIPO B5
- TIPO C3
- TIPO D1

MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN:

Criterios de clasificación de monografías, tratados, libros e edicións críticas.

Documentación: Copia da portada do libro, das páxinas onde figuren a editorial e o ISBN e do índice. Ademais, no caso de autoría de capítulos, copia como mínimo da primeira e da última páxina e da páxina onde figuren os autores e autoras, se non é ningunha delas.

Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN, e nas que a editorial teña utilizado un editor, editora ou comité editorial que supervise o proceso de creación e edición do libro.

A publicación de Teses de Doutoramento, Proxectos Fin de Carreira, Teses de Licenciatura, Mestrados ou Graos non se considerará neste apartado. Tampouco se valorarán as actas de congresos, nin no relativo á autoría nin á edición das mesmas.

Non se valorarán as publicacións relacionadas con cursos ou xornadas de formación, nin as publicacións derivadas de calquera tipo de evento.

Non se valorarán os libros que sexan editados polos propios autores, autoras ou por persoas físicas, ou por empresas de reprografía, copisterías, librerías, empresas de artes gráficas ou similares.

A avaliación farase tendo en conta a calidade da editorial segundo o seu prestixio nacional ou internacional, o grao de esixencia e o rigor científico nos procesos de selección dos traballos publicados, o nivel de calidade do panel de editoras e/ou editores, a existencia de consello científico internacional, a práctica acreditada de revisión por pares, etc. A lingua de publicación non será considerada como factor determinante do ámbito no que se encadre unha editorial cara á avaliación.

A Comisión de Investigación establecerá conxuntos de editoriais nos que os méritos reciban puntuación fixa, e que serán publicados na web da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Libros completos de investigación

	Editorial	Puntos
Editorial de ámbito internacional	Tipo I1	18 puntos
	Tipo I2	13,5 puntos
	Tipo I3	9 puntos
Editorial de ámbito estatal	Tipo E1	12 puntos
	Tipo E2	9 puntos
	Tipo E3	4,5 puntos
Editorial de ámbito autonómico ou local	Tipo A1	7,5 puntos
	Tipo A2	4,5 puntos
	Tipo A3	3 puntos

Capítulo de Libro

	Editorial	Puntos
Editorial de ámbito internacional	Tipo I1	6 puntos
	Tipo I2	4,5 puntos
	Tipo I3	2 puntos
Editorial de ámbito estatal	Tipo E1	3 puntos
	Tipo E2	2 puntos
	Tipo E3	1,5 puntos
Editorial de ámbito autonómico ou local	Tipo A1	2 puntos
	Tipo A2	1 punto
	Tipo A3	0,75 punto

PARTICIPACIÓN EN CATÁLOGOS DE EXPOSICIÓN Belas Artes:

en galerías reconocidas4

en locais públicos2

Considerarase a participación como autor/a de textos, diseñador/a do catálogo e comisario da exposición. Non se considerarán en este apartado os autores das obras expostas. En galerías reconocidas inclúense os organismos públicos (ex. CGAC, concellos, etc.)

10. PATENTES

Patentes con extensión europea en polo menos 3 países.....12

Patentes rexistradas en España en explotación10

Patentes rexistradas5

Prototipo rexistrado como modelo de utilidade.....3

ANEXO III

ASIGNACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO A ÁMBITOS DE COÑECEMENTO

Programa	Ámbito de coñecemento
Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo	Científico
Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces	Científico
Programa de Doutoramento en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	Científico
Programa de Doutoramento en Ecosistemas Terrestres, Usos Sostibles e Implicacións Ambientais	Científico
Programa de Doutoramento en Biotecnoloxía Avanzada	Científico
Programa de Doutoramento en Física Aplicada	Científico
Programa de Doutoramento en Química Teórica e Modelización Computacional/Theoretical Chemistry and Computational Modelling	Científico
Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	Científico
Programa de Doutoramento en Estadística e Investigación Operativa	Científico
Programa de Doutoramento en Nanomedicina	Científico *
Programa de Doutoramento en Endocrinoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo	Científico *
Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica	Científico *
Programa de Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	Humanístico
Programa de Doutoramento en Estudos Literarios	Humanístico
Programa de Doutoramento en Estudos Lingüísticos	Humanístico
Programa de Doutoramento en Tradución e Paratradución	Humanístico
Programa de Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo pola Universidade de Vigo	Humanístico
Programa de Doutoramento en Auga, Sostenibilidade e Desenvolvemento	Outros **
Programa de Doutoramento en Comunicación	Outros **
Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión pola Universidade da Coruña; a Universidade de Santiago de Compostela e outras.	Outros **
Programa de Doutoramento en Creatividade, Innovación Social e Sostenibilidade	Outros **
Programa de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural	Outros **
Programa de Doutoramento Interuniversitario en Láser, Fotónica e Visión pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e outra	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions pola Universidade de Vigo	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Enxeñaría Química	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	Tecnolóxico

Programa de Doutoramento en Eficiencia Enerxética e Sostibilidade en Enxeñaría e Arquitectura pola Universidade de Burgos; a Universidade de Vigo e outra	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Xeotecnoloxías Aplicadas á Construcción, Enerxía e Industria	Tecnolóxico
Programa de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Educación, Deporte e Saúde	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Ordenación Xurídica do Mercado	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Análisis Económico e Estratexia Empresarial	Xurídico-Social
Programa de Doutoramento en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	Xurídico-Social

* Aos efectos desta convocatoria, os programas do ámbito de Ciencias da Saúde considéranse dentro do ámbito Científico.

** Outros: estes programas poden incluír a realización de teses de doutoramento en varios ámbitos de coñecemento, polo que a asignación do ámbito será realizada en cada caso específico pola Comisión Académica do programa